

Un equipo dirixido polo profesor Fernando Bruna, da Facultade de Economía e Empresa, participa no proxecto da Fundación La Caixa para promover un pacto social que reduza a desigualdade

A proposta de investigación “*Intergenerational social mobility and territory in Spain*” foi seleccionada polo **Observatorio Social** da **Fundación La Caixa** para participar no seu proxecto “**Un nuevo pacto social para reducir la desigualdad**”.

A proposta foi seleccionada xunto con outras nove propostas nunha convocatoria competitiva. A estes 10 proxectos súmanselle outros 11 que a Fundación encargou directamente sobre temas específicos, de xeito que o proxecto conxunto estará formado por 21 informes, que serán presentados no **Foro Social** que terá lugar en Barcelona en outono do 2021. O coordinador técnico do proxecto global sobre desigualdade é o profesor **Luis Ayala**, catedrático de Economía na *Universidad Rey Juan Carlos*. Este venres 26 de febreiro terá lugar un encontro entre os equipos dos 10 subproxectos seleccionados na convocatoria competitiva, para poñer en común os primeiros resultados.

A proposta dos profesores do Departamento de Economía da Universidade da Coruña responde ao carácter multidisciplinar que inspira o enfoque da Fundación La Caixa. O investigador principal do proxecto é **Fernando Bruna**, doutor e licenciado en Economía, graduado en Socioloxía e en Ciencias Políticas, e membro do Grupo Jean Monnet de Competencia e Desenvolvemento Rexional (C+D) e da agrupación estratéxica *Economics and Business Administration for Society* (ECOBAS). Igualmente do Grupo C+D e ECOBAS, tamén é membro do proxecto a doutora e economista medioambiental **María Alló**. Por parte do Grupo Organizaciones Sociais, Institucións e Mercados (OSIM), son membros deste equipo de traballo os doutores e socioeconomistas **Paolo Rungo** e **Juan Martín Legendre**.

O proxecto “*Intergenerational social mobility and territory in Spain*” céntrase en identificar as características da persistencia do status socioeconómico de pais a fillos, con especial atención aos aspectos territoriais. Usando catro fontes estatísticas distintas, os autores estudan aspectos de ocupación, educación e renda, para o conxunto de España, por Comunidades Autónomas e por municipios, así como a relación destes indicadores con outros indicadores de cada territorio.

INFORMACIÓN ADICIONAL:

Proxectos seleccionados na convocatoria competitiva da Fundación La Caixa:

<https://observatoriosociallacaixa.org/es/-/convocatoria-para-apoyar-proyectos-de-investigacion-sobre-desigualdad-social>

Grupo C+D: <http://www.gcd.udc.es/>

ECOBAS: <http://ecobas.webs.uvigo.es/>

Fernando Bruna: f.bruna@udc.es